

EUA e China: competindo na razón e na forza

Enrique Enrui Yang

A día de hoxe, os problemas mundiais non terían solución sen acordos ou complicidade entre EUA e China. Son Estados de importancia singular: a potencia mundial número un, inclusive cando está sufrindo o castigo da peor crise económica global dos últimos 80 anos, e a nación máis populosa e nova estrela económica por excelencia a nivel internacional.

O novo goberno do presidente Barack Obama empezou o ano 2009 quen-tando as relacións con China. A Sra. Hillary Clinton, Secretaria de Estado, viaxou a Beijing para estreitar os lazos afectivos e planear proxectos de intercambio. As boas relacións chegaron ao cumio en novembro coa visita presidencial a China, escala onde Obama dispensou unha longa estada na súa xira pola rexión de Asia-Pacífico. A sinceridade humilde do invitado e a franqueza a nivel de vaidade do anfitrión, ostentadas na defensa dos intereses nacionais e na xustificación de valores distintos, deixaron pegadas nun traballo conxunto á hora de analizar unha maraña de compromisos e roces nas relacións, que redundaba en euforia e inqueda, en agoiros diversos.

Os sucesos posteriores entre os dous xigantes, ora presuntamente fatídicos para as súas relacións, ora demostrativos dos intentos dun desenvolvemento positivo, fan flutuar os vaticinios do que poida pasar no mundo.

O que pasou

A pesar da moita vontade en favor da concordia que ambos gobernos amosaron no seu encontro, os conflitos viñan facéndose presentes.

Copenhague. O acordo a que chegaron os mandatarios de ambos países para colaborar en Copenhague, durante o Cumio Mundial do Clima, non se fixo realidade. En lugar diso, EUA e China, únicos protagonistas reais do evento, enfrontáronse directamente na distribución das cotas de emisión do carbono e na supervisión internacional en países receptores de axuda ambiental estranxeira, e o Cumio terminou sen alcanzar ningún éxito substancial. Todo isto foi unha burla literal para unha iniciativa preparada durante anos que conseguiu a participación de representantes de máis de 190 países, entre eles, 122 xefes de Estado ou de Goberno, e na que a ONU esperaba en balde un fito histórico.

A última proposta de EUA, presentada como a dos países desenvolvidos, consistente nunha redución obrigatoria, ata o 2050, da emisión de gases de efecto